

A photograph of a fishing boat on the water. A large net is being hoisted by a crane on the boat. The net is dark and appears to be full of fish. The boat is on the left side of the frame, and the net extends towards the right. The water is dark and choppy. In the background, there is a coastline with hills under a cloudy sky.

CAMBADOS

o mar

O mar en Cambados

CONFRARÍA DE PESCADORES-CAMBADOS
xullo 2006

EDITA:

Confraría de Pescadores de Cambados.

DESEÑO E MONTAXE:

Adela Leiro Lois

DOCUMENTACIÓN:

Manuel Domínguez Rivas

Ana Charlín González

Benito González

Xaquín López Cuiñas

M^a José Cacabelos Domínguez

Dionisio Pereira

Luis Rey Núñez

Xoán Antonio Pillado Silvos

Adela Leiro Lois

Francisco Trigo Durán

Salvador Ribadomar Padín

Manuel Núñez Pérez

Paula Rodríguez Abal

DEBUXOS

Mon Daporta

FOTOGRAFÍAS:

Adela Leiro Lois

M^a José Cacabelos Domínguez

Manuel Domínguez Rivas

José Alberto de Santiago

Diario de Arousa

La Voz de Galicia (Vítor Mejuto)

DEPÓSITO LEGAL:

PO-416-06

IMPRIME:

Imprenta Fidalgo, S.L.

Cambados (Pontevedra)

Cambados e os cambadeses levamos o mar en nós. Por iso, aproveitando estas datas e a colaboración desinteresada e entusiasta de todas e de todos, preparamos este traballo para achegarnos ao mundo do mar, para que vexamos e conozamos un pouco máis deste lugar tan especial no que traballamos e do que vivimos.

Para recordarlles a uns e ensinarnos a todos a súa importancia, e para agradecer e homenaxear a aqueles que nos marcaron o rumbo, e fixeron posible que chegáramos ao punto no que nos atopamos, e desde aquí poidamos poñer proa a ese norte que nos permita facer realidade novos proxectos onde a organización e a convivencia sexan as nosas marcas.

O Patrón Maior

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Benito González Sineiro', written in a cursive style.

Benito González Sineiro



O MAR EN CAMBADOS

Cambados é un pobo mariñeiro e o mar é un piar básico da súa economía. A fonda relación dos cambadeses co mar estivo e está presente en todos os aspectos da nosa vida.

A importancia do noso sector pesqueiro queda reflectida no número de embarcacións, no número de postos de traballo e no volume de vendas da nosa lonxa. O porto de Cambados acolle a flota de cerco máis importante e modernizada de Galiza; ten unha flota de baixura que, por número de embarcacións, postos de traballo directos e artes ás que se adica, é a de máis importancia da ría; conta cun importante sector marisqueiro organizado, tanto a flote como a pé, e unha importante acuicultura, que con un bo número de bateas de mexillón e ostra conforma un sector de vital importancia.

Os mariñeiros de Cambados caracterizáronse de sempre pola súa pericia e bo facer á hora de aproveitar os recursos naturais da ría, e supéronse dotar das artes e da flota máis axeitadas para este fin. Pódese dicir que o noso pobo acolle a case totalidade das artes empregadas na pesca de baixura en Galicia e dos seus subsectores - cerco, enmalle, nasas, bou de vara, bou, boliche, rastro da vieira e marisqueo a pé e a flote; e fomos pioneiros, no seu momento, na acuicultura co cultivo de ostra en parques, e do mexillón.

O mar dá emprego en Cambados, de forma directa, a máis de 1.000 mulleres e homes; á vez que é o xerador de actividades tanto industriais como comerciais que conforman o tecido económico primordial para o desenvolvemento socio-económico do conxunto da poboación -talleres de reparacións, redeiras, depuradoras de marisco, cetáceas, conserveiras, empresas turístico-culturais... actividades, todas elas, con vinculación directa ao sector pesqueiro-marisqueiro. O mar é un xerador de riqueza de primeiro orde, é unha das empresas máis importantes do noso pobo.

Aínda que cada pouco tempo estamos a pasar crises por distintos motivos (contaminación, escaseza de capturas, mareas vermellas...), a organización dos diferentes sectores fai posible seguir adiante con ilusión.



ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS

PREHISTORIA

A relación de Cambados co mar comeza cos primeiros habitantes. En moitos dos asentamentos prehistóricos existentes na vila e nos arredores -O Castriño, A Pastora, Monte do Castro, Sete Pías...- atópanse "cuncheiros", depósitos de cunchas dos moluscos dos que se alimentaban os seus habitantes, que certifican unha actividade marisqueira.



Cunchas da época castrexa atopadas no monte do Castro. Castrelo.

SÉCULO XVI

No libro "Ordenanzas da Confraría do Corpo Santo e Gremio de Mareantes de Pontevedra" de Casto Sampedro Folgar cítanse pleitos sostidos pola Confraría contra persoas e portos polo uso de artes non autorizadas. Combatía sobre todo ás artes que competían co cerco real.

No 1506 a Confraría do Corpo Santo e Gremio de Mareantes de Pontevedra pleitea contra o Salnés, por cuestións de Salga e resalga de peixe.

No 1558 contra mariñeiros de San Tomé polo uso de betas.

En 1574 e 1576 pola actuación irregular da arte das "Sacadas".

En 1594 contra Fernán Pérez, de Cambados e outros mariñeiros que foron sorprendidos pescando en día santo polos "vigairos" (inspectores da Confraría do Corpo Santo con dereito de visita e sanción). Leváronlles as redes e logo devolvéronlles "por esta vez solamente, porque eran pobres".

A Confraría do Corpo Santo e o Gremio de Mareantes de Pontevedra que comprendía a ría de Pontevedra regulaba, desde a súa creación (na Idade Media) ata mediados do século XVIII, en que se crearon as Axudantías de Mariña, toda a actividade pesqueira, incluíndo a comercialización. Vixiaba as artes, o seu funcionamento e os tempos de traballo.



Cerco Real. Grabado antigo.

MEMORIAS

delas Iglesias de Santiago
para el S. XVII

...Esta isllilla (San Tomé do Mar o Isla Vieja) tiene dies y siete vecinos y son pobres. Solán ser ochenta. No hay en esta isllilla agua dulce.

Quando debala el mar hacia la parte del Grobe, desta isllilla en lo que queda en seco, que llaman el Xarido, solía haver tantas hostras y mexillones, ameixas y berberechos que venían de Portugal y de otras partes a cargar carabelas y otros barcos y en estos tiempos vienen de dos leguas a la redonda a cargar carros de todo esto fuera de las hostras"...

SÉCULO XVII

Nas "Memorias da las Iglesias de Arzobispado de Santiago do ano 1607" faise referencia á riqueza do Serrido e ao comercio de marisco con Portugal.

SÉCULO XVIII

O Catastro do Marqués da Ensenada (1752-53) recolle a existencia en Fefiñáns de escabecheiros e de embarcacións de "rebenir", en Fefiñáns e Cambados, que comerciaban con peixe entre a Ría e o reino de Portugal.

No 1768 o porto de Cambados participa, conxuntamente con outros portos da Ría de Arousa, Vigo e Pontevedra, nun pleito contra a Confraría do Corpo Santo porque lles prohibía traballar con tramallos, betas e rascos, que, segundo decían nas súas ordenanzas, araban o fondo impedindo o descanso do peixe e asustaban ás sardiñas ao pescar con embalos.



Muíño na Seca.
Construído no século XVII


SÉCULO XIX

No 1883-84: A Comandancia de Mariña de Vilagarcía sinala as postas para traballar ao boliche e ordéase que se garde rigurosamente a veda.

No 1890: intento de privatización do espacio comprendido entre a ponte Estacas e Espiñeiro, por unha banda, a ponte e o Con Redondo polo outro, e a Algaceira, para a instalación dun parque de ostricultura. O Concello concede a autorización para realizalo nas dúas primeiras zonas pero non na terceira.

1891: Constrúese a primeira fábrica de conservas de Cambados.


No arquivo municipal de Cambados gárdase o documento no que Aniceto Vidal Gayoso, procurador, en nome de Cándido Carreró Mascato, veciño de San Vicente de O Grove, solicita que se lle determine liña de edificación, polo Leste e polo Oeste, para construír casa e fábrica de salgazón en solar na Rúa de San Gregorio con fronte á ribeira do mar.



Anaco do Catastro do Marqués da Ensenada referido á vila de Fefiñáns: "Escavecheros: Don Joaquin Piñero y Agustina de Cores. Fabrican escaveches de ostras en cuyo ejercicio ganan al año doscientos reales cada uno"...



Anuncio publicado en 1902 na "Revista Literaria".



Vista da Ribeira de Fefiñáns, dunha postal de 1920, co edificio onde estivo a fábrica de Carreró.



Alfredo Brañas na súa época cambadesa
(de pé á esquerda)

Como modelo de Estatutos para Asociaciones de pescadores pueden considerarse los redactados por Alfredo Brañas para la Asociación Cambadesa de mariseros, en Cambados (Pontevedra). A la Asociación va unida una Caja de socorros mutuos para casos de enfermedad (asistencia médica, visita domiciliaria y socorro en metálico) y muerte (entierro, funeral y un socorro á la viuda ó herederos). Los fondos se forman: 1.º con las aportaciones de los socios numerarios; para ello cada barca hace tantas partes como individuos, más dos, destinándose una de estas dos partes á reponer la embarcación y los aparejos (encargándose de ello la Asociación) y la otra al fondo de la Asociación, de modo que la aportación varía según la pesca y el precio; 2.º con las de los socios cooperadores (0-25 pesetas mensuales, con sólo derecho á funerales); 3.º con las de los protectores; y 4.º con la cuota fija mensual de los que sólo accidentalmente (durante el buen tiempo) se dedican á la pesca y quince pertenecen á la Asociación. Esta puede tener una Caja de préstamos para los socios numerarios. La Asociación contaba á los dos años de fundada con un remanente de 3,500 pesetas después de satisfechas todas sus obligaciones.

Parágrafo da Enciclopedia Espasa do 1910
referido á Asociación Cambadesa de Mariñeiros

No 1894 Fúndase a "Asociación Cambadesa de Mariñeiros", baixo a advocación da Divina Pastora, cunha orientación católico social. Estaba formada por armadores, mariñeiros e outras persoas.

Creouse para tentar suplir as necesidades de asistencia médica e socorro ás viúvas, que ninguén cubría.

Os estatutos redáctaos Alfredo Brañas

7-9-1894. O xornal "Unión Republicana" critica a Asociación decindo que "debería chamarse A Funeraria xa que o seu obxecto principal non era outro que dar velas para o velatorio e enterro dos que morran e unha cantidade para pagar aos curas que asistan ao funeral"

O remate do século XIX e os primeiros anos do século XX foi unha época de graves conflitos entre as artes tradicionais de pesca da sardiña (xeito e xávega) e o cerco de xareta, introducido e fomentado polos conserveiros, porque esta arte alterou gravemente os sistemas de pesca tradicionais.

Unha rede de cerco podía tomar nun lance 50 caixas de sardiñas, mentres que unha de xeito non pasaba de 8. O baixo custe da sardiña non facía rendibles as artes tradicionais.

En xaneiro de 1898 quinientos mariñeiros de Cambados e O Grove, armados de paus e coitelos, invadiron os almacéns de salga de Carreró en Fefiñáns, para asegurarse de que alí non había xaretas.

As cantigas de entroido da época recollen o sentir da xente do mar
*"Entre traineras y medios mundos
fue la ruína de nuestro mar
vienen a tierra sin ganar nada
de afiladores tienen que andar"
"Fuera las trañas de la mar,
y venga el xeito a pescar..."*

Ata a chegada das traíñas as artes máis características do porto de Cambados eran as de arrastre (xávega, chinchorro, bou, rastro). As xávegas tiñan as súas postas nas praias de Sálvora e de San Vicente.

No inverno lanchas e dornas adicábanse á "pesca con dentes" (rastros) para capturar vieiras e outros mariscos.

No verán a maioría das dornas grandes e algunhas lanchas traballaban cos trasmallos e unhas poucas ao xeito.

As gamelas traballaban con artes menores: medio mundo, rapeta, rede dos muxes...

SÉCULO XX

Continúan os conflitos entre xeitos e traíñas.

En abril do 1900 os mariñeiros de Cambados participan xunto cos de moitos portos de Galicia nunha anifestación contra as traíñeiras en Marín.

O 13 de xullo hai outra gran manifestación en Vilagarcía con 25.000 participantes (moitos deles chegados por mar en 3.000 embarcacións), presidida polos Deputados, Augusto González Besada (por Cambados), Eduardo Gasset e Prudencio Otero.

Cambados por ser cabeceira de Partido Xudicial, foi escenario da actividade de protesta doutros portos da comarca.

O 9 de abril de 1902 entran na vila 200 mariñeiros e operarios dos almacéns de salga procedentes da Illa para protestar pola detención de catro compañeiros.

"Participarete que no existe en este pueblo industria ni establecimiento fabril de importancia y si solo unha fábrica de salazón de Don Cándido Carreró, en la que trabajan diariamente por término medio de doce a dieciseis mujeres y de cuatro a cinco hombres, sin que nunca se haya suscitado conflicto entre el propietario y los obreros".


Oficio do alcalde de Cambados ao Gobernador Civil (21-8-1901).



O Borrón, arredor de 1910.



Redes de arastre



Estatutos da ostrícola de Cambados. 1908.

No 1904 chega a Cambados a primeira traíñeira (procedente de Colindres, Santander).

As traíñeiras traballaban con aparellos de cerco ao caldeo con "raba" (engado feito con ovas de bacallao)

1907. Pecha o almacén de Carreró e Cambados quedou sen industrias conserveiras.

Comeza a construción do peirao de Cambados. A obra principal faise no 1910 (a pedra sacouse das canteiras do Brexo) e inaugúrase o 25-1-1911.

Durante a 1ª Guerra Mundial (1914-18) , a ducia de traíñeiras que pescaban ao caldeo, tiveron que cambiar a modalidade de pesca debido aos problemas para abastecerse de raba (que se importaba de Gran Bretaña e Noruega).


Nestas datas desaparece a Asociación Cambadesa de Mariñeiros.



Ostrícola do Pombal, comezos do século XX.



Vista de Cambados “desde Sálvora”, Cadro de Joaquín Sánchez, do ano 1919.
(Propiedade da familia Pillado Silvoso).



Vista de San Tomé, o peirao e A Torre. Cadro de Lorenzo Leiro, do ano 1913.
Exposto no bar “O Galo Negro”.



Dornas e lanchas no peirado de Cambados, nunha foto de Bellver.

No 1917 Fúndase o "PÓSITO PESCADOR DE LA RÍA DE AROSA" co patrocinio dos irmáns Juan e Ramón Salgado.

Conta con 400 socios e faise cárrego do control da venda de peixe. Os fondos para o seu funcionamento saen da caixa da antiga Asociación (6.500 reais), das subvencións da "Caja Central del Crédito Marítimo" e do 1% do valor da pesca achegado por cada barco.

O 27 de outubro de 1917 redáctase a acta de acordo de creación do Pósito de Pescadores. O 27 de novembro apróbase o regulamento no Goberno Civil.

É o primeiro do Estado Español en ser inscrito no rexistro. Hai unha certificación do 25-12-1917 en conforme está rexistrado e sometido a inspección do Instituto Social da Mariña.

A revista "Galicia Nueva" publica o 3-1-1918 unha nota das celebracións que tiveron lugar con motivo da inauguración do Pósito, con foguetes e banda de música.

O 20 de agosto de 1918 a Sociedade "Hijos de Francisco Deza" de Villagarcía propón a construción de una lonxa provisional no Salón Variedades.

O 28 de xaneiro de 1919 o Pósito fai unha proposta para adquirir o Salón Variedades (despois Cine Cervantes) para local social.



Portada do primeiro regulamento do Pósito.



José Francisco Otero Pontevedra
Primeiro Patrón Maior.



Vista de Cambados na década de 1920.

Á esquerda o "Salón Variedades", no centro o primeiro local social do Pósito.



Dúas imaxes do peirao de Cambados.
Pódense apreciar as peixeiras lañando peixe.

A crise nas coplas de entroido da época

*"E moi triste vir do mar
sen poder ganar nin un patacón,
e pa decir a verdá
coa debilidá cai o pantalón".*

*"La sardina no se ve,
no se ve,
a Portugal se marchó,
se marchó,
y el marinero gallego
re, mi, fa, sol, la, si, do".*



A época entre os anos 1917 e 1924 foi de escaseza de sardiña e de penurias económicas o que ocasionou protestas sociais e emigración a América.

Introdúcense novas artes para diversificar as capturas, como o trampolín (que veu de Cangas). É o tempo da decadencia das grandes traiñeiras que son reemprazadas polos racús, equipados con aparellos de cerco máis pequenos e axeitados para largar na pedra, ao xurel ou á xarda.

Nos anos 1922-23 aparecen os primeiros motores en Cambados, dez anos máis tarde que noutros portos da Ría. Os primeiros motores, de gasolina, montáronse en racús e vellas traiñeiras.

O 9 de febreiro do 1924 o Concello solicita a creación dunha Axudantía de Mariña

En marzo ponse a funcionar no Pósito unha escola para fillos de mariñeiros da que é mestre Antonio Magariños Granda.

O acto de inauguración da escola fíxose o 15 de setembro, coa presenza do Comandante de Mariña que no seu discurso fai "un hermoso canto a la lengua gallega".

O 25 de febreiro de 1925 o Pleno do Concello aproba o proxecto de Lonxa de Contratación, Mercado e Matadoiro, redactado polo enxeñeiro Rafael Picó.

O 27 de novembro de 1926 apróbase a reforma do proxecto para abaratar os custos.

O 9 de marzo de 1927 saen as obras a concurso e queda deserto. A lonxa non se constrúe.

No 1926 o Concello dona os terreos para a construción do edificio do Pósito e no 1927 faise o edificio. No 1929 asegúrase contra incendios.

No 1929 o Concello solicita que se arranxe o peirao. A Xefatura de Obras Públicas contesta dicindo que o porto non é de interese xeral nin de refuxio, e que o Concello ou o Pósito deben achegar o 25%. O Concello acorda facer esta aportación o 28 de setembro.

Nos anos 20-30 o porto de Cambados era lugar principal de desembarco da pesca en fresco para ser transportada en tren desde Pontevedra a Madrid.

Había unha fábrica de xeo montada polo principal exportador galego de peixe en fresco "*Pescaderías Coruñesas*".

Tamén foi importante a actividade dos exportadores de mariscos, algúns deles propietarios de viveiros de ostras.

Entre 1926 e 1930 amplíase o peirao de San Tomé.

No 1931 faise, con achegas particulares, unha homenaxe aos mariñeiros vellos organizada polo celador do porto Juan S. Yáñez.

No 1931 e seguintes, durante a República, o Pósito diminúe a súa actividade ata case paralizar o seu funcionamento pola redución do número de asociados.

Durante a República a flota cambadesa estivo composta por apenas unha ducia de motoras sardiñeiras tripuladas por arredor de 250 mariñeiros, e 70 lanchas, dornas e gamelas nas que traballaban uns 300 pescadores.



Un mariñeiro retratado por Bellver.



Escola do Pósito nos anos 30.
O mestre é Antonio Magariños Granda.



Casa de Baños de algas, en Fefiñáns.

Artéllase dentro do Pósito a primeira organización mariñeira de clase promovida por Antonio Magariños Granda, mestre da escola do Pósito, vencellado a FETE UGT e os mariñeiros das motoras do cerco Cesáreo Varela e Manuel Bugallo en representación duns cincuenta compañeiros.

En agosto de 1931 prodúcese un paro laboral dos mariñeiros das motoras do cerco orixinado polo desacordo na distribución das "partes".

No 1932 un grupo duns 80 mariñeiros das motoras cambadesas constitúen un sindicato mariñeiro afeito á CNT a consecuencia da esixencia de ter carné para poder descargar peixe no porto de Vigo.

O 14 de maio do 1932 Elena Otero Santorum, Vda. de Serafín Otero, solicita licencia para construír *"Una Casa de ladrillo y planta baja destinada a baños de mar calientes"* que funcionou ata finais da década de 1940.



No 1934 instálase a conserveira de Amador Mouriño na Rúa do Muelle (hoxe Avda de Galicia).

No 1935 instálase a conserveira de Montero Rivas ("La Cambadesa") tamén na Avda de Galicia e a de Peña e Pereira (PERÁN) en Sisán.

Constrúese o malecón desde a Casa de Baños de Fefiñáns ata o peirao de Cambados.

Apróbase o proxecto para construír o malecón de acceso ao muelle de San Tomé.

O Concello acorda de novo construír a Lonxa no solar que hai entre o Salón Variedades e a casa de Aniceto Trigo Varela, sendo alcalde en funcións Juan Salgado (12-6-1935).



Imaxes da *Rúa do Muelle* a comezos do século XX.

Vista do peirao de Cambados coa motora na que viaxaban os que ían tomar os baños á Toxa.





Antonio Chaves del Río.



No 1936, despois dun mal inverno, cae o prezo da sardiña e prodúcese unha grande crise.

As sociedades mariñeiras de todas as tendencias chamaron, a mediados de xuño, á paralización total da flota sardiñeira para esixir un aumento no prezo. O paro durou 16 días durante os que Cambados viveu unha gran tensión social. As centrais sindicais impediron o traballo nos viveiros e boicotearon os envíos. Contra isto os exportadores manifestáronse na porta do Concello para disuadir aos concelleiros da Fronte Popular de facer causa común cos sindicatos. No medio deste ambiente os tripulantes das motoras de sardiña carrexaron o peixe en camións e chimpárono na porta das fábricas. O daquela o presidente do Sindicato de Mariñeiros da CNT de Cambados, Antonio Chaves, patrón do "Chuvias" e patrón maior, tentou que o Pósito tomase parte no conflito, o que lle ocasionou ser sinalado como cabecilla polos industriais.

O comezo da Guerra Civil rematou coa Guerra da sardiña.

Moitos dos mariñeiros afiliados ás centrais obreiras tiveron que andar escapados ou durmir nos barcos. Antonio Chaves foi "paseado" e outros (Varela, Bugallo, Galíñans...) remataron no penal de San Simón.

Clausúrase o Pósito e vólvese a abrir o 6 de outubro.

No 17 de setembro do 1936 José Peña Oubiña solicita licenza para construír casa no Brexo onde instala a fábrica de conservas.

Entre 1938 e 1939 Cambados era o 3º porto da Ría de Arousa, tanto polo número de tripulantes como de embarcacións e pesca capturada (despois de Ribeira-Carreira e O Grove). Había en Cambados unhas 80 embarcacións adicadas á pesca nas que traballaban máis de 500 persoas.

Pedra de imprimir




Imaxes da praia do Borrón e no peirao de Cambados.





Proxecto para a confraría e lonxa.



No 1938 a Confraría xubila por primeira vez a 15 mariñeiros vellos con cargo aos seus fondos. Os pósitos de Cambados e Vigo promoven a FEDERACIÓN GREMIAL DE PÓSITOS MARÍTIMOS DE GALICIA OESTE, con sede en Cambados. No 1939 faise un novo proxecto para a Lonxa. 1936-40 A Confraría funciona co 1% das vendas dos barcos e cos 2 céntimos que cobra por cada litro de gasolina ou gasoil.

Nese tempo o litro de gasolina costaba 3 pts e o de gasoil 0,85 pts. Os socios pagaban 0,50 pts de mutualidade e recibían en caso de enfermidade 2 pts diarias, e 1,50 pts, por defunción. Esta axuda complementábase coa da Mutualidade Nacional de Accidentes do Mar e Traballo das Embarcacións á parte, para a que os barcos pagaban o 2% das súas caladas. Dela cobraban 8 pts diarias os patróns, piqueiros e motoristas dos motores e os tripulantes 6 pts. Os patróns das embarcacións de vela e remo cobraban 6 pts e os tripulantes 4. Ademais abonábaselles a todos os gastos de médico e funeraria.

En 1939 a viúva de Serafín Otero instala unha fábrica de conservas en San Tomé.



Distintas imaxes dos actos celebrados na Confraría en homenaxe aos mariñeiros xubilados.



Imaxes dos actos de xubilación dos mariñeiros vellos, 1938.



Conservas Daporta.



Conservas Otero e aparellos do xeito a secar na praia de San Tomé.



Antiga lonxa de Cambados. Venta de ostras nos anos 50. Despois de andar a voltas coa súa construción desde o ano 1918. Comezou a funcionar no 1945.

No 1940 comezan a aplicarse os Seguros Sociais.

O 6 de agosto do 1941 sácanse a subhasta as obras do Matadeiro, Lonxa e Mercado e queda deserta. O 12 de setembro faise unha nova subhasta e adxudícanse a Ignacio Azurmendi Artano, de Lalín, en 220.000 pts. A Confraría pide un creto ao Instituto Social da Mariña de 50.000 pts para participar na construción da lonxa.

Comeza a funcionar conservas Daporta.

No 1943 prodúcese un cambio na adxudicación das obras da lonxa. Amador Mouriño Villaverde comprométese a facer as obras do Matadeiro, Lonxa e Mercado por "contratas parciais revisadas trimestralmente". A corporación municipal aproba o "contrato a destajo" o 14 de abril.

O 27 de xullo do 1943 José Peña Oubiña solicita licencia para construír unha fábrica de conservas no Borrón.

No 1944 o concello cédelle á Confraría os dereitos de explotación da lonxa.

No 1945 créase a MANCOMUNIDADE CONFRARÍA-CONCELLO para a explotación da lonxa, que comezou a funcionar o 15 de abril de 1945 .

O 18 de abril de 1945 Elena Otero Santorum pide licencia para ampliar a fábrica de Conservas da Alameda de San Tomé.

No 1949 asegúrase ao persoal que traballa no Pósito.

No 1950 instálanse as primeiras bateas. Nasas datas desaparecen definitivamente as xábegas porque as bateas fondeadas nas postas impedíanlle traballar.

Pecha a fábrica de Alasá.

Organízase no Pósito de Cambados o “Clube de Remo” federado e con embarcacións propias (unha traiñeira e dúas treñeriñas). Participan en competicións oficiais en Galicia e no Estado.

No 1951 amplíase o peirao de San Tomé e comézase a falar do proxecto de construción dun peirao de gran calado na punta de Tragobe.

En abril de 1956 naufraga a dorna “Canario” e morren seis mariñeiros.

En 1956-57 o Clube de Remo do Pósito acada o subcampeonato de España de traiñeiras en Santander.



Regata de dornas.

Recorte de prensa que recolle o naufraxio do “Canario”





A ostra, como reflexa a imaxe, foi moi abundante noutros tempos. Foi obxecto dunha activa pesca polo seu interese para a antiga industria dos escabeches e máis tarde para o seu consumo en fresco. Cambados foi un importante centro de comercialización de ostra ata os anos 1940-50. Na actualidade a ostra está case desaparecida dos bancos naturais. A maior parte das que aparecen en lonxa teñen a súa orixe nos cultivos que se introduciron despois do esgotamento dos bancos.

Entre os anos 1956 e 1959 producíronse grandes mobilizacións para impedir a privatización dos bancos marisqueiros que estaban ocupados polos viveiros de ostras no Valar, en Correlo, no Facho, en Fefiñáns...

Como consecuencia desto houbo moitas detencións e varias mariscadoras estiveron na cadea. 5 mariscadoras de Castrelo estiveron 10 meses na cadea da Parda (Pontevedra) e foron sometidas a consello de guerra no Ferrol, e outro grupo de Cambados estiveron na cadea durante dous meses.

"Na última campaña exportáronse máis de 15 millóns de ostras" . Libro "Cambados y el Valle del Salnés", José Caamaño Bournacell, 1957.



Viveiros do Valar. Década de 1950.

Na década de 1960 produciuse un gran desenvolvemento da flota do cerco. Deixa de funcionar a “Matora” que fai o transporte marítimo entre Cambados e O Grove.

En Abril de 1960 naufraga o “Chito” e morren dous mariñeiros. En decembro o “Carlitos” e morren tres tripulantes.

No 1964 faise a segunda ampliación do peirao de San Tomé.

No 1968 ampliase o edificio do Pósito e no 1969 inaugúrase.

No 1970 comeza a construírse o Porto de Tragove.

No 1971 Cambados pasa a ser distrito marítimo independente. Anteriormente estaba incluído no de Vilagarcía.





Vista aérea, arredor de 1960.





Vista aérea, arredor de 1970.



Vista aérea, arredor de 1996.



*Contra la parcelación
de las playas*

LAS MARISCADORAS DE CAMBADOS, "EN PIE DE GUERRA"

"El Pueblo de Madrid", 16-5-1975

Nos anos 1974-75 prodúcense os conflitos pola prohibición do can. O buque da Mariña "Navia" apresa a varios barcos de Cambados.

En maio do 1975 as mariscadoras mobilízanse para impedir a privatización dos viveiros da Algaceira e a continuación para loitar contra as areiras do Umia. Como consecuencia destas mobilizacións nace a primeira organización das mariscadoras para regular a explotación do Serrido. Establécese un sistema de control que se ven abaixo aos 20 días.



Control do marisco en 1975.

22-10-80

**EL GOBIERNO
PROHIBE
EXPRESAMENTE
EL MARISQUEO
CON «CAN»**



No 1978 apróbanse os Estatutos da Confraría e revísase o Regulamento da Mancomunidade. No 1979 constitúese a primeira AGRUPACIÓN DE RAÑEIROS.

No 1983 o Concello fai obras de reforma na lonxa.

No 1984 créase a clube de remo VENTO MAREIRO que compite durante dous anos en traíñeiras e catro en bateis. O Concello organiza nas festas do Albariño de 1985 a I BANDEIRA DE TRAIÑEIRAS

No 1986 constrúese a granxa mariña de rodaballos de Iberg Galicia en Bico da Ran (Castrelo) que funcionou ata o 1992.

No 1989 créase a ASOCIACIÓN DE BATEEIROS San Sadurniño.

Prodúcese o conflito entre as mariscadoras de Corbillón e Vilanova polos bancos marisqueiros do Castelete.

No 1991 prodúcense conflitos entre bateeiros e arrasteiros da vieira polo mexillón de fondo.



Antiga lonxa de Cambados, 1983.



Tripulación da traíñeira PÍLLARA do clube de remo VENTO MAREIRO, 1985.

Peirao de Cambados na década de 1980.





60 Muros da
Unión de 96

Hasta a que Santiago Traslaviña assume el papel de mediador

Las trabajadoras de Peña anuncian movilizaciones

DE VIGO
Redacción

Las trabajadoras de la planta de procesamiento de pescado de Peña, en el municipio de Arousa, han anunciado que se van a movilizar contra el cierre de la planta. Las trabajadoras de la planta de Peña, que son 70, han anunciado que se van a movilizar contra el cierre de la planta. Las trabajadoras de la planta de Peña, que son 70, han anunciado que se van a movilizar contra el cierre de la planta.



29-10-96



Pese a advertir que no cubrirá a las presiones y menos permitiendo flotar en aguas sicofanticas por las cosas
La flota de la vieira de Cambados bloquea por segunda vez un puerto en Arousa

Comeza a funcionar a Lonxa de Tragobe e disólvese a Mancomunidade Concello Confraría. Constrúese un emisario submariño para verquer as augas residuais con gran oposición por parte do sector pesqueiro e marisqueiro.

No 1994 constrúese a depuradora de Tragobe. No 1995 comezan as crises da flota da vieira pola presenza de toxinas, que aínda continúa na actualidade.

Inaugúranse os pantaláns das Goritas.

No 1996 pecha definitivamente Conservas Peña.

No 1997 créanse a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO BOU DE VARA, CHINCHORRO E RAPETA DA RÍA DE AROUSA (72 asociados) e a ASOCIACIÓN DE VIEIREIROS DA RÍA DE AROUSA (70 embarcacións) coa finalidade de organizar o sector.

No 1998 ampliáanse os servizos no porto de Tragobe coas chabolas e a nave de redeiras.

No 1999 créase a AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS e a AGRUPACIÓN DE RAÑEIROS vinculadas á Confraría. Revisáanse os Estatutos da Confraría.

Prodúcense mobilizacións contra os depósitos de Ferrazo, o encoro de Caldas, o peirao deportivo da Toxa...

1999-2001 a Confraría de Cambados participa xunto as de toda a ría e outros colectivos na PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE AROUSA.

La Xunta reconoce el mal funcionamiento de la depuradora de aguas de Cambados



Embarcaciones llegadas de todas las zonas de la ría corearon el modelo de pasajeros de Vilagarcía para exigir a la Xunta el traslado del parque de hidrocarburos de Ferrazo

La jornada de protesta culminó con una multitudinaria concentración de barcos en el puerto de Vilagarcía

Arousa se planta para reclamar el desmantelamiento de los depósitos

Una multitudinaria concentración de barcos —más de dos mil, según la organización, y setecientos en opinión de la Guardia Civil del Mar— sirvió ayer para que la ría de Arousa hiciese patente su rechazo a los depósitos de Ferrazo. Independientemente del

inevitable baile de cifras, el número de embarcaciones duplicó al registrado en la anterior manifestación. La llegada de la comitiva a Vilagarcía supuso la culminación de una jornada de huelga que fue seguida por la totalidad del sector productivo arousaño.

Una llamada de atención a la Xunta de Galicia

Al margen de las oscilaciones cuantitativas, la manifestación de ayer marcó una diferencia con respecto a las anteriores movilizaciones contra los depósitos de Ferrazo.



Grazas á xestión da Confraría, despois de 30 anos, vólvese a ir aos rabiosos.

2000: entra en funcionamento en Bico da Ran (Castrelo) AQUACRÍA, unha nova granxa de engorde de Rodaballo.

2001: ponse a funcionar unha parte da fábrica de xeo.

2002: o 13 de novembro afúnde o PRESTIGE.

O 4 de decembro o fuel está na boca das Rías Baixas. As mulleres de Cambados constrúen redes para facer barreiras e os mariñeiros saen a recoller o fuel con todo tipo de medios, as mans, trueis, grúas dos barcos...





Vitor Mejuto





2002: As agrupacións de mariscadores e mariscadoras da Confraría comezan co preengorde de ameixa en batea.

2004: Inaúgúranse os pantaláns do NO do porto de Tragobe.

Naufraga o Bahía, onde morre un mariñeiro cambadés.

A Confraría xestiona a introdución de inmigrantes peruanos para suplir a falta de tripulantes nos barcos.

Créase a asociación GUIMATUR.

2005: Pecha Alimentos Arosa en San Tomé e trasládase ao Polígono de Sete Pías.

2003-2006: Complétanse algunhas instalacións do porto de Tragobe:

- Cámara de frío e conxelación.
- Ampliación da fábrica de xeo.
- Pantaláns de amarre.
- Comezo das obras do dique de abrigo.
- Rampa-varadoiro.
- Colocación de mesados nas lonxas.
- Grúa para limpeza de barcos.





ALGÚNS DATOS SOBRE A FLOTA DE CAMBADOS.



1753

FEFIÑANS:

1 embarcación de revenir que transporta sardiñas a Portugal

4 embarcacións de pesca.

CAMBADOS:

3 embarcacións de revenir

3 embarcacións de pesca, e 4 dornas

SAN TOMÉ:

4 lanchas de pesca

2 dornas

1938-39

Había en Cambados unhas 80 embarcacións adicadas á pesca.

- 8-12 de motor, tripuladas por uns 250 mariñeiros que se adicaban ao cerco.

- 70 de vela, con máis de 300 homes:

- 25 lanchas: artes de arrastre (chinchorro, tartana e bou), xeito, rastro (marisco).

- 15 dornas grandes: rastro, trasmallos, raeiras, xeito e arrastre (tartana e tangón) e mediomundo.

- gamelas e dornas pequenas: artes de praia (rapeta, redes dos muxes) e arrastre (tartana, bou).

- botes: medio mundo e "artes baixas"

- chalanas: raño das ameixas.



1963

200 embarcacións de remo e vela.

60 embarcacións a motor

1989

277 embarcacións adicadas á pesca:

147 ao marisqueo

1 ao enmalle

90 a artes varias

8 ao arrastre

31 ao cerco.

1992

A flota está formada por 510
embarcacións:

103 sen motor

248 de 0-6 m de eslora, con motor.

159 máis grandes.

2001

370 embarcacións:

339 están adicadas á pesca: 41 ao
cerco e o resto a artes menores.

2006

239 embarcacións de pesca, 30
adicadas ao cerco e 209 a artes
menores.

30 embarcacións auxiliares de batea.



A CONFRARÍA

A Confraría é un organismo no que están integrados os traballadores e traballadoras do mar (tripulantes, armadores, mariscadores...) representados na Asamblea Xeral.

Realiza función xestora e de representación diante da administración, e, ata a aparición da Seguridade Social, realizaba función asistencial (médica, de accidentes e xubilación) a través das Mutualidades.

Actualmente a Confraría ten un censo de 900 asociados.

Representación

dos asociados e asociadas diante das administracións.



Información

e asesoramento en materia de:

- subvencións
- Axudas
- normativa pesqueira
- preparación de expedientes...

Xestión

- das concesións marisqueiras
- Busca de alternativas e recursos
- Despachos
- Asesoría laboral e fiscal (IVE, retencións, declaracións censais, partes de altas e baixas, inscricións...)
- Plans de traballo
- Actividades formativas



Lonxa

Servicio de vendeduría e control das capturas.



Control

de censos de asociados e capturas a través da lonxa e dos servicios de vixilancia e inspección.



Actividades lúdicas

Organización das celebracións propias da Confraría, festas, bailes....



PATRÓNS MAIORES DA CONFRARÍA:

José Francisco Otero Pontevedra
Juan Salgado
Pablo Millán Bugallo
José Otero Lois
Elías Núñez Dozo
Antonio Cacabelos Ojea
Juan Cacabelos
Conrado Leiro
Ricardo Rey
Antonio Chaves del Río
Antonio Cacabelos Búa
Eugenio Domínguez Barros
Manuel Casais López
José Antonio Costa Ares
Eladio Abal Hermida
Ramón Paz Cousido
José Severino Trigo Durán
Egidio Varela González
José Sineiro Cacabelos
Julio Dozo Gómez
Benito González Sineiro



Local social

- Sás de lectura, xogos e esparcemento.
- Servicio de biblioteca e prensa.
- Bar.



INTERCAMBIOS, COOPERACIÓN INTERNACIONAL

A Confraría sempre apostou pola modernización e profesionalización do sector do mar, froito desta preocupación e do empeño posto en sacar adiante os distintos subsectores que conforman a nosa masa de asociados, xurdiron unha serie de intercambios e colaboracións con colectivos mariñeiros de diferentes lugares do mundo.

Cambados é un punto de referencia e visita obrigada para aqueles colectivos que veñen a Galicia a formarse e aprender técnicas de traballo e comercialización, estamos a falar de xentes de Guatemala, El Salvador, Marruecos, Chile, Perú, Namibia, Illas Mauricio, Honduras, Francia, Escocia, Noruega...

Asímesmo membros da Confraría realizaron visitas para coñecer sistemas alternativos de produción de bivalvos, técnicas de cultivo, organización do traballo, optimización de recursos, racionalización da produción, etc.



Imaxes da visita a Venecia para coñecer a produción e cultivo de ameixa.



Imaxes da visita a Chile para coñecer as formas de explotación do mar: cultivo de ostión (volandeira), picorocos...

Imaxes da visita a Perú para dar un curso de Comercialización.



O mar en Cambados

O mar, en Cambados, dalle traballo, ademáis de ás persoas que se adican ás actividades de extracción -mariñeiros, mariscadoras e mariscadores- ás que traballan na acuicultura, na transformación e na comercialización dos produtos, e sostén outros oficios e actividades que, directa ou indirectamente, están relacionadas con el -estaleiros, redeiras, efectos navais, ferreiros, carpinteiros, mecánicos...-






CENSO MARISQUEO 2006

■ A PE ■ A FLOTE



Cambados ten unha importante acuicultura: máis de 150 bateas, unha piscifactoría e 30 barcos especializados.





As Industrias de transformación e comercialización (depuradoras, cetáceas, cocedeiros, fábricas de conserva...) empregan, segundo a temporada, entre 500 e 700 persoas.



Onde pescamos

Cambados é un porto especializado na pesca ao cerco e no marisqueo.

Os cambadeses e cambadesas pescamos e mariscamos por toda a Ría de Arousa, agás nas concesións de outras confrarías.

Os barcos do cerco traballan habitualmente entre A Garda e as illas Sisargas. Os que teñen licencia poden traballar na costa portuguesa ata a altura de Viana do Castelo e algúns, os máis grandes, traballan durante o verán no País Basco na campaña da anchoa.



Límites de traballo dos barcos de Cambados.




Área de traballo habitual dos barcos do cerco e algúns dos baixos onde faenan as raspitas.

Principais zonas de marisqueio dos mariñeiros e mariscadoras de Cambados.


Zonas de xestión da Confraría de Cambados:

- * O Serrido
- * Espazo comprendido entre A Arnela, O Galiñeiro e A Lobeira.
- * As Negreiriñas.







Que pescamos

A flota de Cambados está especializada na captura de especies de baixura, sobre todo mariscos bivalvos, especies peláxicas e peixes e mariscos de fondo.




A sardiña é unha especie que tivo sempre gran importancia económica, polo seu interese para a industria. Foi motor do desenvolvemento de aparellos e embarcacións e eixo das industrias de transformación. A súa abundancia ou escaseza foi motivo de crises económicas e conflitos sociais.





Cambados é o primeiro porto de Galicia en captura de vieiras. A presenza de toxinas nos últimos anos está ocasionando unha grave crise no sector.



Como pescamos

Nos sitios onde o nivel da marea o permite trabállase a pé, habitualmente aos mariscos e ocasionalmente ao peixe. No resto empréganse distintos tipos de embarcacións e aparellos que se manexan á man ou coa maquinaria dos barcos.

Marisqueo a pé

Os mariscos apáñanse con angazos, ganchelos ou á man.
O marisqueo a pé fanno maiormente as mulleres.





Apañando reló.

Apañando berberecho na auga.

Para traballar co ganchelo ou coa man é necesario coñecer os buratos que deixan os mariscos na area.



Apañando navalla coa man.



Apañando ameixa ao burato con ganchelo.



Apañando ameixa ao burato na auga, coa man.



Marisqueo a flote

En zonas de máis altura faise necesario o uso de embarcacións para desprazarse ou traballar.


Os aparellos para apañar marisco arrástranse á man (raños) ou coa forza dos motores (rastros).



Raños.



Rañeiros apañando ameixas.





Escollo as capturas.

Rastro para apañar
vieiras ou rabiosos.



PESCA ARRASTRE

As redes de arrastre teñen unha longa tradición e son das máis características do porto de Cambados. Con elas captúranse especies de fondo: chopos, luras, zamburiñas, nécoras, raías...




Esceas do traballo ao bou e ao chinchorro.





Traballando cun
trambolín (bou de vara).



Enmalle

Os aparellos de enmalle capturan os peixes cando tentan pasar a través deles. Hai referencias documentais do seu uso en Cambados no século XVI.

Utilízanse tanto na pedra coma no limpo e caturan peixes, moluscos e crustáceos.

Os aparellos de enmalle poden ser dun so pano (xeitos, betas, raeiras...) ou de tres (trasmallos, miños...)



Trasmallos





As betas e miños teñen un só
pano de medidas variables,
segundo as especies.



Levantando miños.




Cerco

O cerco é unha arte de pesca moi importante no porto de Cambados, polo volume de capturas e o número de persoas empregadas.

Cambados ten unha das flotas do cerco máis importantes de Galicia, con 33 barcos uns 200 mariñeiros. Traballan na pesca de especies peláxicas: sardiña, xurelo, rincha, xarda, bocareu...



A rede do cerco lárgase facendo un círculo e péchase por debaixo por medio dunha xareta facendo unha bolsa que retén ao peixe. Logo métese a bordo con salabardos.






O cerco chegou a Cambados no últimos anos do século XIX. Cos primeiros cercos, de pequeno tamaño, traballábase con traíñeiras movidas a remo e vela. Coa introducción dos motores aumentou o tamaño dos barcos e dos aparellos, e coa maquinaria reduciuse o número de tripulantes.



Nasas

son trampas que atraen con engados ás especies. Hai unha gran variedade de formas e tamaños en función do que se queira pescar con elas. Captúranse, sobre todo, crustáceos (nécoras, camaróns...) e polbos.






As nasas lárganse en caceas unindo varias nunha guía común (*madre*) que remata nunha boia que serve para localizalas e recuperalas.



As cangrexadeiras empréganse para capturar cangrexos e outras especies miúdas do fondo, poñendo engado no seu interior.




CULTIVOS

Os cultivos de peixes e mariscos son actividades que se fan desde a antigüidade. En Cambados xa existían no século XIX e adquiriron moita importancia coa aparición das bateas nos anos 50.



Cambados é o primeiro produtor de ostra de Galicia.

CULTIVO DE MOLUSCOS



A cría e engorde de peixes faise en instalación flotantes ou en granxas en terra. En Castrelo está instalada unha das máis modernas granxas mariñas para produción de rodaballo.



Bateas de mexillón

Nas bateas cultívanse fundamentalmente mexillóns e ostras e faise preengorde de ameixa para sementar nos bancos dos areais



Cultivo de ostras.



As agrupacións de mariscadores e mariscadoras realizan labores de cultivo (limpeza, sementeira...) nos bancos marisqueiros. Recentemente puxeron en marcha un plan de pre- engorde de ameixa en batea para sementar nos parques e de resem- bra de vieira.



Engorde de ameixa en batea.



Ameixa de resembr.





Distintas imaxes do proceso de resembrar no Serrido.



Tarefas de limpeza e vixiancia realizadas polas mariscadoras.

A VIEIRA



UN PRODUCTO ESTRELA EN CAMBADOS

Se temos algún produto recoñecido nas mellores mesas, característico do noso mar e de unha calidade extraordinaria, ése é a Vieira. Vencellada a Cambados tradicionalmente, fonte de ingresos de boa parte dos socios da nosa Confraría e motor do desenvolvemento económico do porto, e que ultimamente está cambiando o seu sistema tradicional de explotación por mor das toxinas que acumula e non depura coa rapidez necesaria.

Nos últimos anos estamos a pasar por un proceso de transformación na extracción e comercialización do produto, así como na forma de cultivo posto que se fan tarefas de semicultivo, unha actividade pioneira no sector da pesca artesanal galega.

Traslado ou resembras de vieira.

Consiste en trasladar a vieira de zonas onde a eliminación de toxinas é máis lenta para zonas onde o marisco depura con máis rapidez. A zona do traslado é de fácil vixilancia posto que está próxima a terra evitando a actuación dos furtivos.





Proceso da vieira:

Extracción: realízase como tradicionalmente, co rastro.

Comercialización. Na lonxa pésanse e contrólanse as capturas para o seu traslado a planta de transformación onde, unha vez depurado, se eviscera para poñer no mercado.



Comercialización

A comercialización dos produtos da pesca comeza na lonxa onde se fai a venda por subhasta á baixa.


A lonxa controla os topes de captura, a talla e a legalidade dos produtos pesqueiros e regula os prezos para buscar o maior rendemento posible ás capturas.

Exerce función fiscal e retén unha porcentaxe (5% das vendas) que fai posible o funcionamento e o mantemento dos servizos que a Confraría lle presta aos seus asociados.


	2000	2001	2002	2003	2004	2005
XARDA	196340,00	157880,00	324180,00	97000,00	42200,00	641280,00
XOUBA	52900,00	29050,00	475,00	5162,50	64762,50	17487,50
XURELO	133335,00	145515,00	109290,00	100395,00	144150,00	101565,00
SARDIÑA	76350,00	136050,00	92865,00	55425,00	165165,00	136410,00
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
CHOCO	51486,25	53673,80	38794,25	50388,20	61951,70	42791,75
LURA	11696,25	15783,45	8023,20	6235,40	12999,90	7649,50
POLBO	28682,70	21920,45	27813,45	32651,70	28694,40	7339,70
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
AMEIXA BABOSA	74141,75	79768,00	72846,95	41776,45	28234,28	13741,60
AMEIXA FINA	35458,30	23898,45	32421,30	39751,93	39663,69	27047,32
AMEIXA RUBIA	72655,59	81944,50	53086,75	34389,00	52339,50	64474,40
AMEIXA XAPONESA	56779,10	38961,55	40286,70	49087,78	43245,07	37758,70
RELÓ	186421,00	300231,50	322674,50	330711,00	334059,00	219878,00
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
VIEIRA	108267,78	311,75	356203,00	188102,00	169171,00	161551,00
VOLANDEIRA	46893,00	106109,10	36800,90	22060,00	26044,50	10667,95
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
NÉCOR	3300,60	2499,05	2428,73	5206,50	5550,60	5569,10
CENTOLA	15640,90	15318,95	7348,85	10142,90	13242,45	20892,15
CONGUITO	5394,50	1706,00	2034,00	116,00	3606,50	3281,50
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
EUROS	4.384.378,35 €	5.094.905,81 €	5.200.350,97 €	4.908.533,90 €	5.774.622,39 €	5.191.539,93 €
QUILOS	1695280,97	1730277,88	1739870,18	1350434,31	1544374,44	1848353,02



DESCARGA
DA PESCA



SUBHASTA
NA LONXA



INTERMEDIARIOS (maioristas e detallistas) e INDUSTRIAS



As depuradoras e cetáreas son centros de comercialización. Nas depuradoras os moluscos son sometidos a tratamento e control para garantir a súa salubridade. Nas cetáreas e viveiros mantéñense vivos os mariscos e peixes ata a súa saída ao mercado.

OUTRAS ACTIVIDADES

Parellamente ao desenvolvemento das actividades de pesca e marisqueo foron desenvolvéndose oficios e industrias relacionadas coa conservación dos produtos do mar, construción e arranxo de aparellos (redeiras, ferreiros, cordeiros...) e embarcacións (asteleiros, carpinteiros de ribeira, talleres mecánicos...), comercios de efectos navais...

O conxunto destas actividades representa un importante sector de traballo e economía dependente do mar.



Cocedeiros e fábricas de conservas.





Asteleiros e talleres de
reparacións de barcos.



Os ferreiros
seguen a armar
e reparar todos
os aparellos
metálicos que
se usan para o
traballo do
marisqueo.

As tendas de efectos navais están
especializadas en todo tipo de
materiais para o traballo no mar.



As redeiras ou
atadoras arman
e reparan as
redes.

A SAÚDE DO MAR

Desde sempre utilizamos o mar para obter recursos, pero tamén como desaugadoiro ou destino dos nosos refugos. As nosas accións alteran o medio mariño, rompen o fráxil equilibrio, botan a perder os recursos e poñen en perigo a saúde.

A Ría de Arousa é un sistema moi rico en recursos, pero tamén especialmente sensible. Calquera actividade que se realice nos ríos ou no mar inflúe no seu bo estado, e por conseguinte na súa produtividade.

Algúns problemas que podemos observar na costa cambadesa:

- Desaugadoiros con verquidos fecais e industriais sen depurar.
- Diminución da caudal do río Umia debido ao encoro de Caldas.
- Muros, recheos, rampas e outras construcións invadindo a liña de costa en todo o territorio do concello.
- Restos abandonados nas praias.
- Privatización de zonas costeiras.
- Malos olores.



“MACROLIMPADÓN”

Unha iniciativa de recollida de lixo da costa levada a cabo pola Asociación de mozos e mozas “Polo Noso”.

O FUTURO ESTÁ NAS NOSAS MANS



A Confraría participou en 2003 nun programa LIFE subvencionado pola Unión Europea para dotar aos portos de puntos limpos para a recollida de todo tipo de residuos.

COMO TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO MAR:

Non debemos capturar especies en veda ou que non den a talla, respectar os paros biolóxicos e os lugares sensibles, deixar o lixo nos contedores dos portos, extremar a precaución cos verquidos de combustibles e aceites, non abandonar redes no mar (hai empresas que as recollen para reciclar).

COMO CONSUMIDORES E CONSUMIDORAS RESPONSABLES:

Debemos rexeitar especies en veda, que non den a talla ou sen depurar.

COMO CIDADÁNS RESPONSABLES:

Pensemos que moitas das nosas accións van a repercutir directa ou indirectamente no medio mariño:

- Debemos reducir, reutilizar e reciclar os residuos e depositalos en lugares axeitados.
- Non botar nos desaugadoiros produtos químicos contaminantes.

**DEBEMOS RECORDAR QUE
NON EXISTEN RESÍDUOS
INOFENSIVOS. TODOS
EXERCEN ALGUNHA ACCIÓN
DIRECTA OU INDIRECTA SOBRE
OS ORGANISMOS E O MEDIO.
E DEBEMOS ESIXIR DAS
INSTITUCIÓNS QUE NOS
GOVERNAN AS MEDIDAS
NECESARIAS PARA
PRESERVAR O NOSO MAR, O
NOSO MEDIO DE VIDA E O
MEDIO DE VIDA DAS
XERACIÓNS DO FUTURO.**

A VIDA DAS XENTES DO MAR

A CULTURA MARIÑEIRA

A vida das xentes do mar é unha vida ligada á inestabilidade do medio, aos cambios de tempo e ao traballo sen horario. Marcada moitas veces polo infortunio. Unha vida que trascende do traballo para deixar a pegada do seu carácter en todas as manifestacións que se producen no seu entorno.

O contacto co mar fixo xurdir multitude de manifestacións culturais: construcións, palabras, accións e experiencias novas que, ao longo do tempo, se converteron nunha forma de expresión e de vida, nunha cultura propia, a cultura mariñeira. E esta cultura, xunto coa variabilidade e a grandeza do mar, inspirou a creadores das diferentes formas artísticas, e así o reflexaron nas súas obras.




Un elemento característico na vida das xentes do mar é a fluctuación das ganancias e o curioso xeito tradicional de repartilas - “changüis”, “quiñóns”, “partes”...- e asignalas a armadores, patróns, piqueros, maquinistas, mariñeiros e rapaces.



As xentes do mar celebran con especial agarimo as festas dos seus patróns, San Antonio (patrón da Confraría) e a Virxe do Carme, nas que é tradicional a procesión marítima.

Desde o ano 2002 celébrase a FESTA DE EXALTACIÓN DA VIEIRA, un produto estrela do noso mar.



Unha das manifestacións da cultura mariñeira é a **PREPARACIÓN DOS ALIMENTOS.**

A variedade de especies, a necesidade de conservalas, os gustos persoais, a experiencia ou a creatividade deu lugar a innumerables formas de preparar e presentar os produtos do mar, que vai desde o consumo en crú, a simple cocción ou asado (con engadido ou non de mollos) ata as elaboracións máis sofisticadas.



A **caldeirada** é a preparación máis típica dos mariñeiros. Xeralmente facíase a bordo usando auga do mar e mesturando peixes e mariscos, segundo fose a pesca. Cócese con patacas, escóase a compaña dunha allada con aceite, allo ou cebola e pimentón.



Unha forma tradicional de conservar a pesca era o secado.

Os testos das vieiras usáronse como illantes da humidade cubrindo con elas as paredes. En Cambados aínda se conservan casas con estas características.



TRADICIÓN ORAL MARIÑEIRA

REFRÁNS:

- Na terra galo e no mar galiña
- Polas marcas vaise ás boias
- O xeito quere xeio, a rapeta quere seca e o bou quere ocasión.
- Por San Blas, aparellos para atrás.
- Nufrado na Armenteira, norte na ribeira.
- Cando a Barbanza ten touca, auga, moita o pouca.
- Cuberta a Arousa, mala cousa.
- Chuvia do mar e vento da ría, témosche festa todo o día...

DITOS:

- Fálame da Toxa
- Contas enriba da tilla
- Problemas ao puente
- Tomar o folio cambiado
- Ir o aparello á hélice
- Anda o gañador na costa
- Facer "majas"
- Ser máis vello que as "Joritas"...

CANTARES:

Os mariñeiros traballan
todo o día sen parar,
despois din que o peixe é caro,
os que o teñen que mercar.

Para ser bo mariñeiro tres cousas has de saber,
coñecer o mar e os barcos
e non ter medo a morrer.



Ata a aparición dos plásticos as roupas
de augas impermeabilizábanse
enchoupándoas con aceite de liñaza.



Nos últimos tempos estamos a asistir a un maior interese por recuperar a cultura do mar. A Federación Galega pola Cultura Marítima, da que forma parte o colectivo Mascato, organiza os Encontros de Embarcacións tradicionais e fomenta todo tipo de actividades relacionadas coa recuperación do patrimonio e dos valores relacionados co mar.



Galeón Jandro, recuperado polo colectivo MASCATO.



Imaxes dos Encontros de Embarcacións tradicionais celebrados en Cambados no 2005.



A recollida de fotografías antigas é unha importante fonte de documentación para recuperar a cultura marítima.

Moitos artistas cambadeses
(pintores, escultores, escritores...)
inspiráronse no mar no pasado e
seguen a facelo na actualidade.

MARIÑEIRA

Leste duro

Mar bravo.

Curiscadas da choiva.

A noite vai rubindo

cabaleira na sombra.

As fortes ás tendidas,

inquietadas, sin rumbo, silenzosas,

levadas pol-o vento

deíxanse ir as gaivotas.

Salseada e batida das escumas,
de lombo en lombo das hinchadas olas,
a vela a catro rizos, bolinando,
co-a quilla ó descuberto, vai a dorna!
A dorniña pulpeira
dormirá mar afora...

O patrón unha man aferrollada
na caña do timón, outra na escota,
leva os ollos chantados
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar, brúa o vento. . .
¡Probe da dorna!

Un refacho asubiante
abate a verga e tronza o palo, as cordas
estalan, e un instante ábrese a vela
e cai a plan no mar...

Galgan as ondas
ouveando roucas, como cans famentos
en asalto dos cons...

¡ Probe da dorna!



Poema de Ramón
Cabanillas,
A Habana, 1915.



"Recolectora" de Francisco Leiro,
inspirada nas mulleres que loitaron
contra a marea negra.



"Vieira" de Manolo Paz.

CAMBADOS Á BEIRA DO MAR

Programa de divulgación da pesca e do marisqueo e valorización da cultura mariñeira

En Cambados tamén se traballa para por en valor a cultura mariñeira e a cultura marítima en xeral, en actividades que serven para establecer novos usos e alternativas económicas ás tradicionais actividades produtivas, e acadar un maior coñecemento do medio mariño e un recoñecemento aos traballadores e traballadoras do mar.

Cambados á beira do Mar é un proxecto conxunto da CONFRARÍA, GUIMATUR e INTRAMAR (Iniciativas Tradicionais Marítimas S.L.), creado coa finalidade de amosar, dun xeito didáctico, o medio mariño e a beiramar, para achegarse ao seu coñecemento e á realidade socioeconómica da vila.

O centro das actividades estará na Confraría, onde se instalará unha exposición.



O proxecto “**CAMBADOS Á BEIRA DO MAR**” ten dous campos de actuación: o ensino, para o que se farán unidades didácticas, visitas, conferencias, saídas...; e o **turismo etnográfico e mariñeiro**, para ofrecerlle ao público en xeral a oportunidade de coñecer o Cambados mariñeiro, os procesos de explotación, a transformación dos recursos e a comercialización, os medios de traballo e os usos e costumes propios da xente do mar.

Porto e barrio de San Tomé.

ACTIVIDADE POR TERRA, POLA RIBEIRA, A CARGO DE GUIMATUR

- Percorridos guiados polos bancos marisqueiros.
- Paseos polos barrios mariñeiros de San Tomé e Fefiñáns.
- Visitas a instalacións relacionadas co mundo do mar.



GUIMATUR é unha asociación creada polas mariscadoras e redeiras da Confraría de Cambados cos seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer o noso traballo.
- Revalorización do papel da muller no mundo do mar.
- Promoción da cultura tradicional mariñeira.
- Promoción dos nosos produtos.



ACTIVIDADES A BORDO DO "CHASULA":

- Embarque e navegación tradicional na Aula Taller "Chasula"
- Técnicas de navegación
- Artes tradicionais de pesca
- Bateas
- Fondos mariños
- A Ría
- O litoral
- Especies
- Bancos de pesca



CHASULA, un cerqueiro ("Tarrafa") construído en 1958 no Freixo e restaurado recentemente para acondicionalo con fins didácticos e turísticos.

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

- "Breve noticia literaria de la guía cambadesa próxima a aparecer". Imp. Fariña. Estío 1943.
- "El Pueblo Gallego", artigos varios
- Caamaño Bournacell, José. "Cambados a la luz de la historia". O autor Santiago, 1933.
- Cabanillas, Ramón: "Vento Mareiro", A Habana, 1915.
- Centro de Documentación Local. Concello de Cambados.
- Documentación diversa da Confraría de Pescadores "San Antonio".
- Faro de Vigo, artigos varios.
- Fernández Casanova, Carmen e outros. "Historia da Pesca en Galicia". Universidade de Santiago. 1998
- Galiñanes, Leonor: "Memorias de un pescador", manuscritos sen publicar.
- Pereira, Dionisio: "Apuntes para unha historia pesqueira de Cambados (1880-1940)", maio 1991.
- Pereira, Dionisio: "Guerras da sardiña e agrupacións mariñeiras no Cambados dos tempos idos" en Sindicalistas e rebeldes. Ed. A NOSA TERRA, Vigo, 1998.
- Pereira, Dionisio: Conferencia "As guerras da sardiña na Ría de Arousa" maio 1992.
- Sanpedro Folgar, Casto, (Trd. de Pilar Rosales): "Ordenanzas da Confraría do Corpo Santo e do Gremio de Mareantes de Pontevedra". Vía Láctea, A Coruña, 1998.
- Varela Lafuente, Manuel María. "Procesos de Producción en el sector pesquero de Galicia". Universidade de Santiago de Compostela, 1985.



Este TRABALLO foi posible grazas á colaboración dun número moi grande de persoas, empresas e institucións ás que, desde aquí, lles queremos facer chegar o noso agradecemento.

APORTACIÓNS GRÁFICAS:

Adela Leiro Lois, Centro de Documentación Local (Concello de Cambados),
Confraría de Pescadores de Cambados, Colexio Público de Castrolo, Ramón Martínez Ulloa, Elena Otero, Xoán Antonio Pillado Silvos, Antonio Cacabelos Domínguez, Dolores Domínguez Rodiño, Dolores Varela Fernández, Manuel Casais Galiñanes, Angeles Trigo Sineiro, Silverio Rey Chaves, Dolores Varela Fernández, Amalia Durán Oubiña, Manuela Sineiro Vieites, Eladio Abal Hermida, Carmen Abal Miser, Elisa Piñeiro Otero, Juan Oubiña, José Abal Hermida, Carmen Costa Vieites, José M. Casais Galiñanes, Francisco J. Bugallo Buceta, Ramón Rey Chaves, José Sineiro, José S. Trigo Durán, Cruz Romero Vieites, Vicente Casais López, José M. Casais Galiñanes, M^a Luisa Sineiro, Manuel Rial, Julia Cacabelos Rial, Edesio Padín, Francisco Feijoo Fariña, Crsitina Caeiro García, Diario de Arousa, Voz de Galicia (Vitor Mejuto), CANDEA, Portos de Galicia.

Vaia tamén o noso recoñecemento a todas as persoas que por culpa da nosa mala memoria non figuran nesta relación, e a todas as que nos concederon o seu tempo, o seu traballo e os seus records para que fora posible.

**Patrón Maior, e Xunta Xeral
da Confraría de Pescadores de Cambados
Xullo do 2006**

CONFRARÍA DE PESCADORES

"SAN ANTONIO"
CAMBADOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

